

1. O amor en acción

Para comezar

Que é o amor en acción?

- Que implica o amor?
- Es quen de perdoar?
- Que inxustizas coñeces?
- Coñeces algunha ONG? Sabes a que se dedican?
- Coñeces a parábola do bo samaritano? Cres que ten aplicación hoxe en día?

A relixión

Mario era un rapaz un pouco especial, sempre se metían con el por ser tan servizal. Cando vía a alguén que non tiña merenda sempre estaba disposto a compartir a súa ou se un compañeiro se facía dano xogando ao fútbol, el ía correndo a axudarlle.

Un día Mario precisou axuda, pero non a recibiu. Non obstante, a súa actitude non cambiou, xa que por todo o que facía non agardaba nada a cambio.

Nesta unidade imos descubrir máis persoas como Mario, que axudan e que loitan por un mundo mellor.

1. Descubrindo ao personaxe



2 —

O personaxe que buscamos nesta unidade foi un dos grandes líderes do século XX.

Para que teñas algunhas pistas sobre a súa traxectoria, contámosche en liñas xerais como foi a súa vida.

Este home naceu en 1920 nun país europeo. Cando era neno perdeu á súa nai e ao seu irmán maior e, cando apenas contaba con 21 anos, morreu o seu pai.

Durante a invasión nazi no seu país, traballou como obreiro nunha canteira. Alí coñeceu o sufrimento e o sacrificio dalgúns dos seus amigos.

Ao longo da súa vida puxo a Xesús no centro de todos os seus actos e aprendeu que o amor estaba por riba da morte. Pensaba que un mundo sen Deus era un mundo sen alegría, sen entusiasmo, sen beleza e sen humanidade.

Escribiu catro libros e preto de cincocentos artigos. Agora que xa sabes algúns detalles da súa vida, imos coñecer algunhas cousas do que pensaba sobre a solidariedade e o amor.

Así define este personaxe a solidariedade: “É a determinación firme e perseverante de empeñarse polo ben común; é dicir, polo ben de que todos sexamos verdadeiramente responsables de todos”.

“Como vivín nun país que tivo que loitar tanto pola súa liberdade, nun país exposto ás agresións e aos condicionamentos por parte dos países veciños, isto axudoume a adquirir unha comprensión moi fonda dos países do Terceiro Mundo (<http://safeshare.tv/w/WNNtbnkNQgl>), do seu tipo de dependencia, sobre todo económica. Falei cos líderes africanos sobre isto moitas veces. Comprendín o que é a explotación e púxenme inmediatamente do lado dos pobres, dos desherdados, dos oprimidos, dos marxidados e dos indefensos”.

Para este personaxe, que é o amor?:

“Amor é o contrario a utilizar”.

“Amar é esencialmente entregarse aos demais”.

"O home non pode vivir sen amor. El permanece para si mesmo un ser incomprendible, a súa vida está privada de senso se non se lle revela o amor, se non se atopa co amor, se non o experimenta e o fai propio, se non participa del vivamente. O amor séntese, non se ve; o amor silencioso é o máis forte de todos".

"Non se debe buscar ningunha recompensa maior que o amor mesmo".

Como ves, para o noso personaxe, ningunha persoa pode vivir sen amor, e amar aos demais é o que nos fai ser felices.

Para reflexionar

1. Analiza o texto, busca as palabras que non entendas no dicionario (RAG (<http://www.realacademiagalega.org/>)) e escríbeas no teu caderno.



2. O que implica o amor

O amor implica que a persoa debe saber perdoar e, como ser social, debe ser responsable para poder loitar contra as inxustizas.

Ser social

O ser humano é un ser social por natureza e está feito de tal xeito que precisa convivir cos demais. Fumos creados para vivir cos demais, tratándonos ben e coidándonos os uns aos outros.

Vivimos en sociedade e precisamos aos demais para nos sentir ben. Estamos rodeados de familia, amigos ou veciños cos que nos relacionamos. Con todas estas persoas compartimos amizade, ilusión, esperanzas e como seres sociais imos creando a historia da nosa vida e a historia das sociedades, do mundo. Por iso, tanto os crentes como os non crentes, somos responsables do mundo que nos rodea (da pobreza, das guerras, da paz, da fame...).

Por todo isto debémonos comprometer non só co que facemos aquí e agora (presente), senón tamén coas consecuencias que teñan as nosas accións no mañá (futuro).



As persoas necesitan relacionarse.

A loita contra as inxustizas

As consecuencias das nosas accións poden ser inxustizas sociais como a pobreza^[1], a guerra^[2], o analfabetismo^[3] ou a contaminación^[4].

Cada un de nós debemos actuar para conseguir o ben de todos. Como responsables debemos denunciar e buscar solucións, colaborando e axudando a que estas inxustizas se coñezan e saian á luz.

Xesús tamén denunciou e loitou contra as inxustizas da súa época. Exemplo disto é a parábola do administrador infiel (<http://safeshare.tv/w/neGgFkgRcx>) (Lc 16, 1-15).



A inxustiza social.

O perdón

Un dos actos máis nobres da xustiza é o perdón. Todo ser humano é imperfecto e, polo tanto, comete erros que debemos saber perdoar, para que a convivencia cos demais sexa máis doada.

Se non somos capaces de perdoar, isto pode ser causa de conflitos e fonte de desgrazas e infelicidade.

Para seguir avanzando nas nosas vidas e no noso mundo é necesario pedir perdón e saber perdoar. Se entendemos que nós cometemos erros, será máis doado entender os erros dos demais e perdoalos.

O perdón é amor, comprensión, xenerosidade, humildade. É un acto de fortaleza interior, un acto que nos libera e que nos fai sentir mellor.

Xesús ensínanos a perdoar e El sempre perdoa. Explicánono por medio das súas parábolas: parábola do servo sen corazón (<https://safeshare.tv/x/eLqXc0lA86g>) (Mt 18, 23-35), parábola dos dous fillos (<https://safeshare.tv/x/arWwMFLiqSM>) (Mt 21, 28-32), parábola da pecadora perdoada (<http://safeshare.tv/w/gurTIQfmBE>) (Lc 7, 36-50).



O perdón é o camiño do amor.

Un reto antes de seguir

R

O noso personaxe sufriu un atentado que case lle custou a vida. En varias ocasións perdoou ao seu agresor. Foi visitar a un deles ao cárcere para falar con el e perdoalo polo que fixera. Todo isto fíxoo para dar testemuño de que o amor de Xesús é máis grande có odio e que un se pode reconciliar cos que lle danan. O perdón é o camiño para traer a paz.

Creados para o ben

O ser humano foi creado por Deus para facer o ben. Por iso, cando facemos o ben e axudamos aos demais, sentímonos moito mellor e, cando facemos dano a outros, sentímonos tristes e peores persoas.

Facer o ben significa, como xa dixemos, colaborar por un mundo mellor, loitar contras as inxustizas e perdoar. Temos o exemplo de moitos santos e santas que, chamados por Deus, dedicaron a súa vida a servir e axudar aos demais; e todos, a pesar das moitas dificultades e problemas que tiveron, viviron moi felices.

Para reflexionar

1. Busca tres exemplos na túa vida nos que axudaras a algún dos teus amigos ou a alguén da túa familia e escribe como te sentiches.

2. Mira este vídeo e contesta ás seguintes cuestións sobre a **parábola do administrador fiel**:

Que inxustiza aparece na parábola?

Que reacción ten o dono da facenda cando descobre o que fai o administrador? Que farías ti se foses o dono? Razona a túa resposta.



3. En grupo. Escollede unha das parábolas do perdón e facede unha representación na clase.

↑ [1] Pobreza

Forma de vida por carecer de recursos para satisfacer necesidades básicas (alimentación, vivenda, educación...). Chegar a vivir desta maneira pode deberse ao desemprego, á marxinação ou á exclusión social. Os países máis pobres atópanse en África: Níger, Etiopía, Mali, Burundi, etc.

↑ [2] Guerra

Conflito armado entre varios grupos organizados, que pode desencadearse por controlar o goberno dun país ou ben para control dun territorio. Os conflitos máis activos de hoxe en día son Ucraña-Rusia, Palestina-Israel, Afganistán, Siria-Libia, Irak, Libia, Sudán do Sur, Colombia. etc.

↑ [3] Analfabetismo

Segundo as Nacións Unidas, son analfabetas as persoas que non poden ler nin escribir unha mensaxe relacionada coa súa vida diaria.

↑ [4] Contaminación

É a alteración dun medio por substancias (radiactivas, produtos químicos, petróleo, gases, etc.) que poden producir enfermidades ou danos no ambiente.

3. As ONG, heroínas de hoxe en día

Que é unha ONG

ONG son as siglas de Organización Non Gubernamental. Unha ONG é unha organización sen ánimo de lucro de persoas voluntarias que teñen un obxectivo común e traballan xuntas para conseguilo.

A organización pode traballar a nivel local, nacional ou internacional. O seu labor é solidario e dedícanse a asuntos tan diversos como a protección dos dereitos humanos, do medio ambiente ou da saúde. Tamén traballan en temas de investigación, desenvolvemento económico e humano, cultura, ecoloxía, etc.

Conseguen que os seus proxectos sigan adiante coas achegas económicas dos seus socios ou coas axudas de institucións públicas.



As ONG acoden onde é necesario.

As ONG católicas

Mans Unidas

Mans Unidas (<http://www.manosunidas.org/>), organización católica e segrar que nace en España en 1960.



ONG Mans Unidas.

É unha organización para a axuda ao Terceiro Mundo. A súa acción oríentase á axuda ao desenvolvemento e está formada por voluntarios. A súa finalidade é a loita contra a fame, a deficiente nutrición, as enfermidades, a miseria e o subdesenvolvemento.

Traballa, ademais, para eliminar as inxustizas, desigualdades no reparto de bens, ignorancia, indiferenza e crise de valores humanos e cristiáns.

Cáritas



Cáritas forma parte da Igrexa Católica.

Cáritas (<https://www.caritas.es>), organización da Igrexa Católica para a acción caritativa e social.

En España dedícase a apoiar a grupos sociais que se atopan en situación de precariedade ou exclusión social. Agrupa a 6000 Cáritas parroquiais.

Cáritas España forma parte de Cáritas Internacional, que agrupa a 162 Cáritas nacionais que axudan a 24 millóns de persoas ao ano en 200 países.

Entreculturas



Entreculturas (<http://www.entreculturas.org/es/home>), ONG dos xesuítas orientada á axuda ao desenvolvemento mediante a educación como medio para promover a xustiza social e o diálogo entre culturas.

10 —

Esta ONG traballa para que a educación chegue ao maior número de persoas posible. Cren na educación como instrumento transformador para cambiar a sociedade. Por iso promoven a educación naquelas poboacións desfavorecidas de América Latina, África e Asia.

Para reflexionar

1. **En grupo.** Formade grupos de catro persoas e investigade sobre as ONG que colaboran no voso contorno. Elixide unha delas e elaborade un cuestionario con preguntas sobre a súa actividade. Despois buscade a unha persona que traballe na ONG para que vos axude e conteste ao cuestionario.

Dámosvos algunhas preguntas tipo:

- Cal é o obxectivo da ONG? Dereitos humanos, medio ambiente, educación...
- Trátase dunha organización que traballa a nivel local, nacional ou internacional?
- Cantas persoas traballan nela?
- A cantas persoas ou animais axudan?
- Desde cando comezaron a traballar na cidade?

2. Preparade un mural sobre as ONG.

Un reto antes de continuar



Sabías que levan o nome do noso personaxe varias ONG cuxo obxectivo é sensibilizar á sociedade e apoiar o traballo asistencial e de voluntariado?

4. Parábola da solidariedade. O bo samaritano



Aimé Morot, *O bo samaritano*, 1880.

Parábola do bo samaritano (Lucas 10, 25-37). Un mestre da lei preguntoulle a Xesús: “E quen é o próximo?” A o que Xesús lle contestou con esta parábola: “Un home viaxaba de Xerusalén a Xericó. Uns ladróns asaltárono, roubáronlle todo o que levaba, déronlle unha malleira deixándoo malferido. Por ese camiño pasou un sacerdote do templo e cando viu ao viaxeiro cambiou de camiño para non pasar por diante. O mesmo fixo un levita que pasou por alí, tamén pasou de longo sen prestar axuda.

Máis tarde pasou un samaritano que cando o viu se compadeceu do viaxeiro e lle axudou. Curou as súas feridas e vendoullas, subiuno ao seu burro e levouno a unha pousada onde pasou a noite con el, cuidándoo.

Ao día seguinte, o samaritano deulle orde ao pousadeiro de que o viaxeiro debía quedarse ata curar as súas feridas, el pagaría o que faltaba ao seu regreso”.

Xesús preguntoulle: “De todos eles, quen cres que é o próximo do home ferido?” El contestoulle: “O que tivo misericordia del”. Xesús díxolle: “Vai e fai ti o mesmo”.

Un reto antes de seguir



Edith Zirer é unha muller xudía que contou como foi liberada do campo de concentración onde pasara case tres anos. O seu testemuño foi o seguinte:

«O 28 de enero de 1945 os soldados rusos liberaron o campo de concentración de Hassak, onde estivera pechada durante case tres anos traballando nunha fábrica de municións. Sentíame confundida, estaba prostrada pola enfermidade. Dous días despois, cheguei a unha pequena estación ferroviaria entre Czeszochowa e Cracovia. Estaba convencida de chegar ao final da miña viaxe. Boteime por terra, nun recuncho dunha gran sala onde se reunían ducias de prófugos, que na súa maioría aínda vestían os uniformes cos números dos campos de concentración.

Entón el viume. Veu cunha gran cunca de té, a primeira bebida quente que puido probar nas últimas semanas. Despois tróuxome un bocadillo de queixo, feito con pan negro polaco, divino. Pero eu non quería comer, estaba demasiado cansa. El insistíame. Despois díxome que tiña que camiñar para coller o tren. Intenteino, pero caín ao chan. Entón, tomoume nos seus brazos, e levoume durante moito tempo. Mentres tanto a neve seguía caendo.

Lembro a súa chaqueta marrón, a voz tranquila que me revelou a morte dos seus pais, do seu irmán, a soidade na que se atopaba, e a necesidade de non deixarse levar pola dor e de combater para vivir. O seu nome gravouse indeleblemente na miña memoria».

Ao personaxe que buscamos acabábanos de ordenar sacerdote en Cracovia.

Para reflexionar

1. Copia no teu caderno as seguintes preguntas e contesta:

- Que fixeron o sacerdote e o levita? Que che pareceu a súa actitude perante o ferido?
- Quen actúa de forma solidaria? Por que?
- Que aprendiches da parábola?
- Que significa "próximo"?
- Con cal dos personaxes da parábola te identificas mellor?
- Algunha vez actuaches como o samaritano? Conta que che pasou.
- Que é o que podes facer para ser un bo samaritano?
- Coñeces a alguén do colexio ao que poderías axudar? Como o farías?

2. Reflexionade sobre a historia de Edith Zirer e o noso personaxe misterioso. Respondede a esta pregunta no voso caderno e despois comentádeo na clase.

- Hai algunha similitude entre a historia de Edith e a parábola do bo samaritano? Cal? Razoade a vosa resposta.

3. Propoñémosche, para rematar, escoitar a canción "El buen samaritano", do Grupo CoMpaSIÓN, vendo o vídeo (<http://safeshare.tv/w/JRvvtmQxzc>) que podes atopar en *youtube*:

Caminando a Jericó
iba un hombre muy sencillo.
Los ladrones lo asaltaron,
lo dejaron malherido.

Un levita, un sacerdote
esquivaron al herido.
No quisieron ayudarle,
no le prestaron auxilio.

Hasta que un samaritano,
lo atendió como a un amigo,
con aceite untó su herida
la limpió también con vino.

Lo llevó hasta una posada
de un posadero vecino,
le pidió que lo cuidara
con afecto y con cariño.

Despois de escoitala, responde ás seguintes cuestións:

- Que palabra utiliza a canción para se referir ao "próximo"? É dicir, como trata o samaritano ao ferido que atopa?
- Que imaxe, de todas as que aparecen, é a que máis che gustou? Por que?

5. A arte e a parábola do bo samaritano

O bo samaritano de Hadolf Hölzel

Composición figurativa que presenta o momento da parábola no que o ferido é socorrido, axudado.



Adolf Hölzel, *O bo Samaritano*, 1909.

Paula Modersohn. *O bo samaritano* (1898)


Destacan nesta obra expresionista as cores intensas que dan forza á obra. O samaritano detense a prestar axuda, mentres outras dúas persoas foxen da escena.



Paula Modersohn, *O bo samaritano*, 1898.

George Frederick Watts. *O bo samaritano* (1852)

Watts con esta obra intenta plasmar o importante que é axudar aos demais, independentemente de quen se trate. Cría que a arte debía axudar á sociedade, transmitindo valores e principios.



George Frederick Watts, *O bo samaritano*, 1852.

Que curioso!


O samaritano do cadro de Watts viviu en Manchester no século XIX. Chamábase Thomas Wright e, en 1825, entrou a formar parte dunha congregación relixiosa da que foi diácono ata a súa morte.

Wright preocupouse por axudar aos expresidarios e darlles unha vida digna e mellor. En 1838 visitou a prisión de Salford e, a partir desa data, ocupouse de reintegrar a moitos dos presos na sociedade.

Watts creou a obra *O bo samaritano* para mostrar o que estaba facendo Wright.

Alberto Gálvez Jiménez. *O bo samaritano*

Nesta obra, a parábola do bo samaritano actualízase. Xa non aparece un burro, senón un coche, os personaxes non visten túnicas, senón que levan camisetas e pantalóns; non obstante, o seu significado é o mesmo.



Alberto Gálvez Jiménez: O bo samaritano.

Vincent van Gogh. *O bo samaritano* (1890)

Van Gogh pinta este cadro despois de estar enfermo e por medio da pintura revelaba o seu estado anímico. El, que axudara a tantos na súa época de predicador, agora, nos momentos difíciles de enfermidade, síntese só.



Vincent van Gogh, *O bo samaritano*, 1890.

Un reto antes de seguir

R

O noso personaxe misterioso foi xefe do estado Vaticano desde 1978 ata a súa morte en 2005. Foi o maior representante da Igrexa durante ese tempo.

Sobre os artistas dicía: "...a arte, incluso máis alá das súas expresións máis tipicamente relixiosas, cando é auténtica, ten unha íntima afinidade co mundo da fe, de xeito que, ata nas condicións de maior desapego da cultura respecto á Igrexa, precisamente a arte continúa sendo unha especie de ponte tendida cara á experiencia relixiosa".

Actividades

1. Contesta no teu caderno as seguintes cuestións.

- Cres que o tema da parábola do bo samaritano é actual? Por que?
- Cal cres que é a motivación que leva a tantos artistas a tratar o mesmo tema?
- Que obra das que se tratan neste apartado é a túa preferida? Por que?
- Coñecías a algún destes artistas? Cal? Que sabías del?

2. Realiza un debuxo no teu caderno sobre a parábola do bo samaritano.

3. Neste tempo que está próximo ao Nadal, que como sabedes é unha época de solidariedade, propoñémosvos que realicades unha campaña de recollida de alimentos no colexio; tedes que decidir como a ides poñer en práctica. Estas son algunhas das ideas que vos damos:

- Preparade carteis para informar ao resto do colexio e pensade onde os ides colocar.
- Recordade nos carteis que deben ser alimentos non perecedeiros e envasados.
- Pensade onde ides poñer caixas de recollida (se van estar en cada aula ou en distintos puntos do corredor).
- Planificade a que lugar ides levar os alimentos. No caso de que fora unha ONG, teredes que vos poñer en contacto con ela para saber se recolle os alimentos ou como os ides levar.

6. Ao peche

Que aprendiches?

1. Copia e completa no teu caderno unha táboa como esta e valora o teu traballo.

Que aprendín sobre o perdón e a loita contra as inxustizas?	...
Que aprendín sobre as ONG?	...
Que aprendín sobre as ONG católicas?	...
Que aprendín sobre a parábola do bo samaritano?	...
Que aprendín sobre a arte contemporánea e a parábola do bo samaritano?	...

Avalíate

Mostrámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.



Reforza



Amplía

1. Investiga algo máis sobre o noso personaxe secreto que, como ves, levou unha vida moi intensa e apaixonante.

- Como foi a súa infancia, xuventude...?
- Que lle motivou a ordenarse sacerdote?
- Que dificultades viviu como sacerdote en Polonia?
- Como foi a súa proclamación de papa?
- Cales foron as súas obras máis importantes durante o seu papado?
- Lémbreste do científico Jérôme Lejeune, que relación tiña con Xoán Pablo II? Descubre unha curiosidade sobre estes dous personaxes.
- Que papel tivo na relación da Igrexa con outras relixións?
- Por que o proclamaron santo?

2. Busca na sopa de letras os personaxes que aparecen na parábola do bo samaritano.

Reto conseguido!



Como xa descubriches, o noso personaxe secreto era Karol Wojtyła, é dicir, o papa Xoán Pablo II desde 1975 ata 2005. O actual papa Francisco I proclamouno santo o 27 de abril de 2014.



Karol Wojtyła o papa Xoán Paulo II.

Glosario

Amor

Sentimento de afecto e entrega a alguén ou algo.

Comprensión

Actitude tolerante.

Comprometernos

Contraer unha obriga.

Convivir

Vivir con outro ou outros.

Explotación

Utilizar no noso propio proveito, normalmente de forma abusiva, as cualidades ou sentimentos dunha persoa.

Xenerosidade

Antepoñer a honestidade ao propio interese.

Gubernamental

Refírese ao goberno.

Humildade

Virtude de coñecer as limitacións e debilidades e actuar sabendo isto.

Internacional

Pertencente a varias nacións.

Levita

Intérprete da lei. Se tocara algo ou a alguén impuro (por exemplo, unha persoa enferma, ou un ferido) tería que pasar semanas purificándose.

Local

Pertencente a unha localidade ou concello.

Nacional

Pertencente a unha nación.

Perseverante

Que se mantén constante en conseguir o que comezou.

Responsable

Obrigado a responder por algo ou por alguén.

Sacerdote

Persoa dedicada e consagrada a facer, celebrar e ofrecer sacrificios.

Samaritano

Da rexión de Samaria, un estranxeiro e inimigo dos xudeus.

Sen ánimo de lucro

Non buscan enriquecerse coas súas actividades.

Social

Pertencente a unha sociedade.

Solidariedade

Adhesión (unión) circunstancial á causa doutros, para axudalos.

Ligazóns

[RAG](http://www.realacademiagalega.org/) (http://www.realacademiagalega.org/)

[Terceiro mundo](http://safeshare.tv/w/NnoGUxJpFX) (http://safeshare.tv/w/NnoGUxJpFX)

[Radio UNED](http://safeshare.tv/w/CEBTRSeGru) (http://safeshare.tv/w/CEBTRSeGru)

[Mans Unidas](http://www.manosunidas.org/) (http://www.manosunidas.org/)

[ONG Mans Unidas. O lixo como medio de vida](http://www.rtve.es/alcarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-ong-manos-unidas/2635057/) (http://www.rtve.es/alcarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-ong-manos-unidas/2635057/)

[Cáritas](https://www.caritas.es) (https://www.caritas.es)

[Entrevista ao Secretario Xeral de Cáritas en TVE](http://www.rtve.es/alcarta/videos/los-desayunos-de-tve/entrevista-integra-secretario-general-caritas-espana-sebastian-mora/1544113/) (http://www.rtve.es/alcarta/videos/los-desayunos-de-tve/entrevista-integra-secretario-general-caritas-espana-sebastian-mora/1544113/)

[Entreculturas](http://www.entreculturas.org/index.php) (http://www.entreculturas.org/index.php)

[Entreculturas ONGD](http://www.youtube.com/user/entreculturasvideo) (http://www.youtube.com/user/entreculturasvideo)

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2019 (http://www.netexlearning.com/editoriales/)

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do copyright.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Este libro foi debidamente supervisado e autorizado pola Comisión Episcopal de Enseñanza y Catequesis coa data do 10 de febreiro de 2016.

Autora dos contidos: Sonia Rodríguez Varela, Francisco de Borja Iturbe Sánchez de Movellán e María Dolores Barcea Penas.

Quinta edición: setembro de 2019.